



PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Departamento de Relixión

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

- Observación da actitude do/a alumno/a na aula para descubrir se ten un proceso de aprendizaxe correcto e axeitado.
- Realización de exercicios sobre cada tema que sexa explicado na aula.
- Realización de traballos, ben en grupo, ben de forma individual, en diferentes formatos, para descubrir á súa capacidade de síntese, atención, potenciación da memoria, etc.
- Realización de diferentes actividades na aula que permitan ós /as alumnos/as asimilar os diferentes contidos: lectura, realización de esquemas e resúmenes, debuxos, elaboración de relatos.
- Realización dun control de lectura sobre unha lectura anual que contará par a cualificación de xuño.

CRITERIOS DE AVALIACION

Á hora de avaliar se terán en conta os seguintes criterios:

A ASISTENCIA SERÁ OBRIGATORIA PARA PODER SUPERAR A MATERIA.

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

1. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A

No aula o alumno traballa facendo fichas, actividades no seu ordenador ou tomando apuntamentos na súa libreta, lendo as leccións. Supón ata un máximo do 10% da nota.

2. PARTICIPACIÓN NO AULA

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 5 % na nota.

3. EXAMES CONVENCIONAIS

Exercicios escritos sobor dos contidos estudados. Supón ata un 60% da nota.

4. TRABALLO EN EQUIPO

Traballos propostos polo profesor para facer en equipo. Supón ata un 20% da nota.

5. CUADERNO DE CLASE

Supón ata un 5 % da nota.

6. LIBRO DE LECTURA

Supón ata un 5% da nota na cualificación final de xuño.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

Para os alumnos que non promocionen en xuño, haberá unha proba extraordinaria a finais do mesmo mes de xuño á que se lle aplicarán os criterios mencionados anteriormente.